



DATOS IDENTIFICATIVOS

Economía: Principios de economía

Materia	Economía: Principios de economía			
Código	003G081V01201			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Molina Abrales, Antonio			
Profesorado	Molina Abrales, Antonio			
Correo-e	molina@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			

Descrición xeral - A materia adecúase ao perfil profesional e académico ao contribuír á formación básica do alumno no campo da Economía, presente en numerosos aspectos no ámbito do Dereito. Polo tanto, debido ao seu carácter básico, proxéctase en múltiples campos profesionais do Dereito, mais non cabe dúbida de que terá máis repercusión naqueles campos máis próximos á Economía tales como avogacía especializada no ámbito mercantil, financeiro ou laboral, rexistradores da propiedade, notarios, funcionarios do Ministerio de Economía e Facenda, etc.

- A materia ten 6 créditos ECTS e posúe carácter obrigatorio. Cúrsase en 1º de Dereito, no 2º cuadrimestre. Inicia o alumno nos aspectos económicos, xa teñan estes natureza microeconómica ou macroeconómica. Ten claramente unha relación de complementariedade con outras materias deste Grao, como por exemplo: Contabilidade, Dereito Mercantil, Dereito financeiro e Tributario e Dereito Laboral.

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
C11	CE13 - Coñecer os principios de funcionamento que rexen nunha economía de mercado, comprender o comportamento dos distintos axentes económicos e coñecer os principais problemas económicos
C12	CE14 - Ser capaz de utilizar os principios e conceptos económicos como ferramenta para argumentar economicamente, identificar os problemas económicos e abordar a súa solución a través das políticas adecuadas a cada situación
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecemento dos principios económicos, dos mecanismos de toma de decisión económica por parte dos distintos axentes e da súa interacción no mercado.	A2	C11	D1
	A3	C12	D3
	A4		

Contidos

Tema	
Módulo A: Introducción	1. Principios de economía 2. Pensar como un economista
Módulo B: Oferta e demanda I: Cómo funcionan os mercados	3. Oferta e demanda: as forzas do mercado 4. Elasticidade e as súas aplicacións
Módulo C: Oferta e demanda II: Mercados e benestar	5. Os consumidores, os produtores e a eficiencia do mercado 6. Aplicación: Os custes de tributación 7. Fallos de mercado e a intervención do Estado
Módulo D: Os datos macroeconómicos e a economía a longo prazo	8. A medición da renda dun país: o PIB 9. A medición do custe da vida: o IPC 10. A produción e o crecemento económico

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	32.5	39.83	72.33
Resolución de problemas	13.33	0	13.33
Probas de tipo test	2.67	0	2.67
Resolución de problemas e/ou exercicios	2.67	0	2.67
Traballos e proxectos	1.33	46.33	47.66
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	1.33	8.67	10
Outras	1.34	0	1.34

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a coa introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao estudante, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Resolución de problemas	Metodoloxía que lle permite ao alumnado aprender de forma efectiva a través da realización de actividades de carácter práctico tales como exercicios e supostos mediante o uso do aprendido nas leccións maxistras. Os obxectivos desta técnica son: acadar unha maior competencia dos contidos aprendidos na teoría e ilustrar as súas potenciais aplicacións.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Nas clases de resolución de problemas, que se celebrarán nos grupos GM, se lle suministrará ao alumno un boletín de exercicios ao inicio da sesión para a súa posterior resolución na aula. Hacia o final da clase, os estudantes resolverán os exercicios na pizarra coa axuda do profesor. O estudante poderá comentar ao profesor calquera dúbida que lle xurda mentras realiza os devanditos exercicios.
Probas	Descrición
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	O estudante deberá facer unha práctica fora da aula pero guiada polo profesor. Aínda que non será imprescindible, o normal debería ser que o alumno acuda no horario de titorías establecido polo profesor coa intención de resolver as dúbidas sobre os pasos a seguir para realizar as diversas tarefas da práctica. Neste sentido, o profesor habilitará un horario de 6 horas de titorías á semana que se publicará tanto na plataforma de Teledocencia Faitic como na páxina web da Facultade de Dereito ao comenzo do curso.
Outras	O profesor chamará un por un a cada alumno e lle preguntará na aula, a modo de entrevista, diversas cuestións dos contidos da materia. O alumno deberá responder da mellor maneira posible demostrando ser capaz de transmitir eficazmente os seus argumentos, explicacións, etc.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Probas de tipo test	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades. Porase especial atención no resultado de aprendizaxe: Coñecemento dos principios económicos, dos mecanismos de toma de decisión económica por parte dos distintos axentes e a súa interacción no mercado.	30	C11 C12

Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba escrita na que o alumno deberá solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo establecido polo profesor. Deste xeito, o alumno deberá aplicar os coñecementos adquiridos. Porase especial atención no resultado de aprendizaxe: Coñecemento dos principios económicos, dos mecanismos de toma de decisión económica por parte dos distintos axentes e a súa interacción no mercado.	30	A2 A3	C11 C12	D1
Traballos e proxectos	Os estudantes deberán ler un libro seleccionado polo profesor ao comenzo do curso. A temática do libro estará relacionada cos contidos explicados nas sesións maxistras. Nembargantes, tamén se procura que as lecturas teñan un rol complementario, que poida aportar algún outro enfoque máis alá do estrictamente económico, como por exemplo no eido histórico, xurídico, político, sociolóxico, etc. A avaliación da lectura do libro farase mediante un ensaio sobre algún tema relevante do libro que o alumno deberá redactar na aula. Ademais dos contidos, avaliarase tamén a redacción en xeral. En particular, a capacidade de argumentación, cohesión no discurso, gramática e ortografía. Porase especial atención no resultado de aprendizaxe: Coñecemento dos principios económicos, dos mecanismos de toma de decisión económica por parte dos distintos axentes e a súa interacción no mercado.	20	A3 A4		D1
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	O estudantes (en grupos de dúas persoas) deberán realizar, fora da aula, unha práctica proposta polo profesor que consistirá na procura e análise de datos económicos. O principal obxectivo será redactar as conclusións máis relevantes. O traballo deberá presentarse a través da plataforma Faitic. Farase un debate na aula sobre as conclusións máis destacables da práctica. Porase especial atención no resultado de aprendizaxe: Coñecemento dos principios económicos, dos mecanismos de toma de decisión económica por parte dos distintos axentes e a súa interacción no mercado.	10	A2 A3 A4	C11 C12	D1 D3
Outras	Presentación oral de carácter individual ante o profesor dos contidos da materia. Porase especial atención no resultado de aprendizaxe: Coñecemento dos principios económicos, dos mecanismos de toma de decisión económica por parte dos distintos axentes e a súa interacción no mercado.	10	A2 A4	C11 C12	D1

Outros comentarios sobre a Avaliación

- Para a edición de xuño de 2018 haberá dúas formas de avaliación:

Opción A: O estudante pode acollerse ao sistema de avaliación continua que se acaba de expoñer. Entenderase que o alumno se acolle a este sistema de avaliación continua cando se presente a probas que en conxunto representen máis do 50% na nota final. Anunciarase a principio de curso un cronograma donde aparecen as datas das distintas probas de avaliación continua.

Opción B: O estudante que non se acolla o sistema de avaliación continua será avaliado mediante a realización dun examen final de carácter escrito na data oficialmente establecida coas seguintes ponderacións: proba tipo test (40%), proba de resolución de exercicios (40%) e exame do libro (20%).

- Para a edición de xullo de 2018 haberá tamén dúas formas de avaliación:

Opción A: Os estudantes que se acolleran ao sistema de avaliación continua poderán conservar as notas dos cinco tipos de probas realizadas. Soamente poderán subir nota nas seguintes partes: Proba tipo test (30%), Proba de resolución de exercicios (30%) e/ou exame do libro (20%).

-Opción B: Os alumnos que non se acolleran ao sistema de avaliación continua terán dereito a un exame final que abarcará unha proba tipo test (40%), unha proba de resolución de exercicios (40%), un exame do libro de lectura (20%).

Nota: Aos estudantes que seguiran o sistema de avaliación continua se lles permitirá elixir tamén a opción B na edición de xullo, pero será necesario a previa comunicación ao profesor.

Fin de carreira: O alumno deberá superar un exame teórico-práctico.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes edicións son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade de Dereito para o curso 2017-18. En caso de conflito, prevalecerán as datas publicadas na páxina web da Facultade de Dereito.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Mankiw, N. G., Taylor, M. P., **Economía**, Ediciones Paraninfo, 2017

Bibliografía Complementaria

Bernanke, B. S. e Frank, R. H., **Principios de Economía**, 3ª edición, McGraw-Hill, 2007

Krugman, P., R. Wells y M. Olney, **Fundamentos de Economía**, 3ª edición, Editorial Reverté, 2015

Samuelson, P. A. e Nordhaus, W. D., **Economía**, 19ª edición, McGraw-Hill, 2010

Acemoglu, D., Laibson, D., List, J. A., **Economía. Un primer curso inspirado en el mundo real**, Antoni Bosch, 2017

Recomendacións

Outros comentarios

-É necesario traer o DNI ou documento análogo cando teña lugar a realización dos exames. O incumprimento deste requisito pode ter como consecuencia que o alumno non realice o exame en cuestión.

-Con carácter xeral, será necesario o uso de calculadora nas clases da materia e nos exames.

- Por razóns pedagóxicas é altamente recomendable a asistencia regular a clase (tanto ás clases teóricas como prácticas). Neste sentido, recoméndase ao alumno o sistema de avaliación continua.

Sen dúbida, a asistencia regular ás clases fará que a dificultade de superar a materia sexa notablemente máis baixa. Así, o alumno poderá aproveitarse dun ritmo de traballo continuo e da exposición de contidos teóricos e prácticos feitos na aula polos seus compañeiros e polo profesor.

-É moi recomendable o traballo en grupo. En particular, á hora de realizar os exercicios da materia pode ser frutífero intercambiar ideas sobre as dificultades atopadas; esta estratexia permitirá afondar nos coñecementos da materia.
